

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 5 de xullo de 2023 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral.

Advertidos erros na resolución antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 129, do 7 de xullo de 2023, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 42354, respecto da base I.I.1., onde di:

«...O obxecto do proceso selectivo será cubrir cento trinta (130) prazas do corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de orientación laboral, correspondentes á oferta de emprego público do exercicio 2022, segundo se detalla:

– Oferta de emprego público do exercicio 2022, aprobada polo Decreto 217/2022, do 23 de decembro (DOG núm. 260, do 29 de decembro): cento trinta (130) prazas de acceso libre, das cales dezaseis (16) se reservan para a quenda de discapacidade.

Resérvanse trinta e dúas (32) prazas para seren cubertas pola quenda de promoción interna. As prazas non cubertas por esta quenda acumularanse ás de acceso libre.

O sistema selectivo será o de oposición».

Debe dicir:

«...O obxecto do proceso selectivo será cubrir cento trinta e unha (131) prazas do corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de orientación laboral, correspondentes á oferta de emprego público do exercicio 2022, á cal se acumula a procedente da oferta de 2021, segundo se detalla:

– Oferta de emprego público do exercicio 2022, aprobada polo Decreto 217/2022, do 23 de decembro (DOG núm. 260, do 29 de decembro): cento trinta (130) prazas de acceso libre, das cales dezaseis (16) se reservan para a quedan de discapacidade.



– Oferta de emprego público do exercicio 2021, aprobada polo Decreto 62/2021, do 8 de abril (DOG núm. 73, do 20 de abril): unha (1) praza de acceso libre.

Resérvanse trinta e dúas (32) prazas para seren cubertas pola quenda de promoción interna. As prazas non cubertas por esta quenda acumularanse ás de acceso libre.

O sistema selectivo será o de oposición».

